Concello de Covelo

# Estratexia de Sustentabilidade integrada

## 2016 - 2020

## Concello de Covelo



GOBIERNO DE ESPAÑA

XUNTA DE GALICIA

UNIÓN EUROPEA

PO FEDER: "Unha maneira de facer Europa"

# Estratexia 2016-2020. Concello de Covelo

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

## "ASISTENCIA TÉCNICA NA ELABORACIÓN DE ESTRATEXIAS DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL"

OT 5. "Frear o cambio climático"

*Proxecto cofinanciado nun 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020*

FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
*"Unha maneira de facer Europa"*
UNIÓN EUROPEA

# 1. Contenido


1. Introdución ... 6

1.1. Identificación inicial de problemas / Retos do concello ... 6

**1.1.1. Desafíos / Problemas e retos da área municipal de Covelo.** ... 6

**1.1.2. Coñecementos dispoñibles, resultados e prácticas existentes del área municipal de Covelo.** ... 8

**1.1.3. Activos e recursos existentes no termo municipal de Covelo.** ... 8

**1.1.4. Potencialidades do termo municipal de Covelo.** ... 9

Marco legal e de planificación ... 11

1. Introdución ... 11

2. Referencia á convocatoria de axudas ... 11

2. Análise do termo municipal dende unha perspectiva integrada DAFO. ... 14

2.1. Análise físico. ... 14

2.1.1. Caracterización do territorio e urbanística. ... 14

2.1.2. Patrimonio arquitectónico, arquitectura, popular e etnografía. ... 16

2.1.3. Morfoloxía e recursos hídricos. ... 20

2.1.4. Climatoloxía. ... 26

2.1.5. Vexetación e fauna. ... 29

2.1.6. Espazos protexidos. ... 40

2.1.7. Usos do solo. ... 41

2.1.8. Incendios forestais. ... 42

2.1.9. Recursos e infraestruturas. ... 42

2.1.10. Mobilidade, transporte e comunicacións. ... 43

2.2. Análise socioeconómico. ... 45

2.2.1. Produto interior bruto. ... 49

2.2.2. Emprego. ... 49

2.2.3. Desemprego ... 49

2.2.4. Actividade económica por sectores. ... 50

2.2.5. Situación da muller no Concello. ... 53

2.2.6. Inserción social no Concello de Covelo. ... 54

2.3. Análise ambiental e cambio climático. ... 55

2.3.1. Consumo enerxético no Concello de Covelo. ........................................................ 55
2.3.2. Xestión de residuos no Concello de Covelo. ........................................................ 56
2.3.3. Xestión do recurso auga no Concello de Covelo. ................................................ 56
3. Diagnóstico da situación do municipio. ................................................................... 58
3.1. MATRIZ DAFO. ................................................................................................ 58
3.2. Resultados esperados......................................................................................... 60
3.3. Ámbito e horizonte temporal ............................................................................. 60
4. ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SUSTENTABLE INTEGRADO DE COVELO 62
4.1. Obxectivos estratéxicos. .................................................................................... 62
4.2. Obxectivos operativos........................................................................................ 64
4.3. Liñas de actuación en conexión co Programa Operativo.... **¡Error! Marcador no definido.**
4.4. Relación estratexia coa análise DAFO. .............................. **¡Error! Marcador no definido.**
4.5. Liñas e medidas.................................................................................................. 71
Título 3 ...................................................................... **¡Error! Marcador no definido.**
5. Seguimento e avaliación ..................................................................................... 106
6. Memoria económica.................................................... **¡Error! Marcador no definido.**

# 1. Introdución

## 1.1. Identificación inicial de problemas / Retos do concello

O Concello de Covelo pertence á comarca do Condado - Paradanta, ao pé da Serra do Suído que fai de fronteira natural entre as provincias de Ourense e Pontevedra.

A nivel interno, o Concello de Covelo conta cunha poboación de 3.500 habitantes nunha superficie de 124 quilómetros cadrados o que supón unha densidade de poboación de 29 hab/Km$^2$. A súa configuración montañosa acolle o nacemento de ríos principais a nivel comarcal coma o Tea e as ladeiras das Serras do Suído e Faro de Avión.

Está situado no eixe de comunicación que vertebra o centro da península coas Rías Baixas

A EDUSI Covelo 2020 é o resultado e a resposta aos desafíos e problemas da área municipal de Covelo e constrúese a partir da elaboración dunha análise do conxunto da área dende unha perspectiva integral na que se conxugan as achegas procedentes tanto de técnicos do ámbito municipal, dos foros e mesas de participación, das debilidades, ameazas, fortalezas, oportunidades e retos e valores avaliados e as prioridades establecidas para os mesmos.

A partir desta análise deseñouse un Plan de Implementación que chega ata o deseño de medidas de posta en marcha da estratexia, a súa avaliación e seguimento e unha memoria económica.

### 1.1.1. Desafíos / Problemas e retos da área municipal de Covelo.

Os desafíos e problemas aos que se enfronta o Concello de Covelo, así coma os retos urbanos aos que debe dar resposta o Concello, pódense enmarcar en tres eixes.

| | PROBLEMA | RETO | EIXES DUS |
|---|---|---|---|
| EIXE | • Perda de poboación: | • Frear a perda de | ECONÓMICO E |

| | PROBLEMA | RETO | EIXES DUS |
|---|---|---|---|
| **PERSOAS** | envellecemento e baixo índice de reposición.<br>• Desemprego, especialmente, feminino e xuvenil<br>• Alta porcentaxe de poboación dependente<br>• Inserción social<br>• Déficits de formación na poboación demandante de emprego.<br>• Desenvolvemento turístico: dinamización recursos / desenvolvemento sector<br>• Equipamentos / actividades de ocio e tempo libre.<br>• Actividade cultural no municipio. | poboación.<br>• Xerar oportunidades de desenvolvemento económico a partir dos recursos locais.<br>• Mellora da capacidade de inserción de grupos vulnerabeis. | SOCIAL |
| **EIXE TERRITORIO** | • Eficiencia enerxética instalacións municipais<br>• Enerxías renovables.<br>• Transporte público.<br>• Parque móbil municipal (público e privado).<br>• Infrautilización de vivendas como "segundas residencias".<br>• Calidade ambiental<br>• Depuración<br>• Vertidos incontrolados<br>• Protección do patrimonio natural e cultural<br>• Incendios forestais | • Incremento eficiencia enerxética.<br>• Redución de emisións de GEI<br>• Fomento fontes renovábeis no consumo final<br>• Conservación de espazos naturais e protección da biodiversidade.<br>• Combater a infrautilización das vivendas. | ECONÓMICA AMBIENTAL E CLIMÁTICA |
| **EIXE GOBERNANZA** | • Capacidade administrativa limitada<br>• Planes sectoriais non integrados.<br>• Desenvolvemento dixital da administración.<br>• Participación cidadá na toma de decisións? | • Implantación novas tecnoloxías no ámbito municipal.<br>• Promover a inclusión e alfabetización dixital.<br>• Imaxe dixital do concello / presenza redes sociais. | ECONÓMICA SOCIAL E DEMOGRÁFICA |

### 1.1.2. Coñecementos dispoñibles, resultados e prácticas existentes del área municipal de Covelo.

O Concello conta con documentos de planificación e análise do territorio que supoñen un punto de partida para o deseño da EDUSI.

| | CОÑECEMENTO DISPOÑIBLE |
|---|---|
| EIXE PERSOAS | • Plan de Igualdade. |
| EIXE TERRITORIO | • Axenda 21 local<br>• Núcleo de sustentabilidade integrada.<br>• Plan de eficiencia enerxética.<br>• Plan de prevención e defensa contra incendios forestais. |
| EIXE GOBERNANZA | • Plan de implantación da administración dixital. Proxecto Piloto do Ministerio de Economía. |

### 1.1.3. Activos e recursos existentes no termo municipal de Covelo.

En canto aos activos e recursos existentes pódense mencionar os seguintes:

| | ACTIVOS E RECURSOS |
|---|---|
| EIXE PERSOAS | • Plan de Igualdade.<br>• Plan de emprego?<br>• Plan de inserción social?<br>• Capacidade técnica municipal para o desenvolvemento e implementación de planes e programas.<br>• Redes?<br>• Oficina de promoción económica municipal |
| EIXE TERRITORIO | • Axenda 21 local<br>• Núcleo de sustentabilidade integrada.<br>• PXOM<br>• Plan de eficiencia enerxética?<br>• Plan de transporte público?.<br>• Plan de prevención e defensa contra incendios forestais.<br>• Participación en redes??? |

| | ACTIVOS E RECURSOS |
|---|---|
| | • Estratexia de Desenvolvemento Participativo da Asociación de Desenvolvemento Rural Condado - Paradanta<br>• Estudos enerxéticos de dependencias municipais.<br>• Equipamentos de ocio no medio natural: identificar<br>• Patrimonio cultural: identificar |
| EIXE GOBERNANZA | • Implantación da administración dixital<br>• Traballo en rede entre colectivos, empresas: Asociación de empresarios: mancomunidades, Federacións de asociacións,..?<br>• Liñas de traballo con outras entidades: universidade, FAIMEVI<br>• Experiencia en xestión e execución de operacións con Fondos Europeos. |

### 1.1.4. Potencialidades do termo municipal de Covelo.

En canto ás potencialidades pódense mencionar as seguintes:

| | POTENCIALIDADES |
|---|---|
| EIXE PERSOAS | • Mobilización da muller como elemento de desenvolvemento sustentable do territorio a través de actuacións formativas.<br>• Plan de emprego?<br>• Plan de inserción social?<br>• Capacidade técnica municipal para o desenvolvemento e implementación de planes e programas.<br>• Redes?<br>• Oficina de promoción económica municipal |
| EIXE TERRITORIO | • Axenda 21 local<br>• Núcleo de sustentabilidade integrada.<br>• PXOM<br>• Plan de eficiencia enerxética?<br>• Plan de transporte público?. |

| | POTENCIALIDADES |
|---|---|
| | • Participación na rede Cidades polo clima é unha oportunidade de coñecemento e intercambio de boas prácticas así como de participación en actuacións de sensibilización.<br>• Programa de axudas ao amparo da Estratexia de Desenvolvemento Participativo da Asociación de Desenvolvemento Rural Condado - Paradanta<br>• Patrimonio natural<br>• Patrimonio cultural<br>• Plan de defensa contra incendios forestais. |
| EIXE GOBERNANZA | • Crecente interese da cidadanía en participar en asuntos públicos.<br>• Potencial TIC para a deslocalización do traballo e rehabitar o rural. |

# Marco legal e de planificación

## 1. Introdución.

Unha das principais novidades para o desenvolvemento de Actuacións Integradas de Desenvolvemento Urbano Sostible durante o período de programación 2014-2020, e dentro do Programa Operativo de Crecemento Sostible (POCS 2014-2020) será que as Entidades Locais que queiran financiar este tipo de actuacións con fondos FEDER, "se les requirira la existencia de una estratexia integrada o plan estratéxico de carácter xeral que sirva de marco de referencia territorial y sectorial para la propia definición, desenvolvemento e avaliación de tales actuacións".

Isto obriga ás Entidades Locais a presentar una Estratexia Integrada, xa que no período de programación 2014-2020, se valorarán as estratexias, non os proxectos, e será a Entidade Local a que proporá que actuacións incluídas en dita estratexia cofinanciará cos fondos FEDER, sempre coa validación da correspondente autoridade de xestión.

## 2. Referencia á convocatoria de axudas

A convocatoria de axudas (Orde do 26 de abril de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a asistencia técnica na elaboración de estratexias de sustentabilidade ambiental coa finalidade de integrar a adaptación ao cambio climático na xestión e planificación públicas, e se fai pública a súa convocatoria para o ano 2016, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020), pretende apoiar as entidades locais para favorecer que os concellos integren a loita contra o cambio climático como unha das variables que deben ter presente nas súas políticas, tanto desde o punto de vista de redución de gases de efecto invernadoiro como da necesaria adaptación ás consecuencias derivadas do quecemento global que está a sufrir o noso planeta

Cómpre sinalar que as actuacións están cofinanciadas nun 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder).

As actuacións subvencionables están incluídas, segundo se sinala a continuación, no eixe prioritario 05 «Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos»; prioridade de investimento 05.01 «Apoio ao investimento destinado á adaptación ao cambio climático, incluídos enfoques baseados nos ecosistemas»; obxectivo específico 05.01.01 «Desenvolvemento de coñecementos e elaboración de plans en relación coa adaptación ao cambio climático e a prevención de riscos, incluíndo os sistemas de alerta preventiva, de seguimento e avaliación»; categoría de intervención 60 «Redes de observación, prevención de riscos e análise sectorial de adaptación ao cambio climático en Galicia», do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

# 2. Análise do termo municipal dende unha perspectiva integrada DAFO.

## 2.1. Análise físico.

O concello de Avión pertence á Comarca da Paradanta, de paisaxe contrastada entre as alturas do Pico de Avión (1.151m.) e os suaves vales do río Tea.

Esta comarca toma o seu nome dos montes de Paradanta, sitúase no extremo suroriental da provincia de Pontevedra, limitando coa de Ourense e con Portugal polo sur. Comprende os municipios de Arbo, A Cañiza, Covelo e Crecente. A comarca non presenta unha clara unidade natural, xa que está formada por áreas de montaña e de val, pero desde o punto de vista histórico, estas terras formaron parte do antigo partido xudicial da Cañiza que, despois de varias reorganizacións, pasou integramente a formar parte do partido de Ponteareas, localidade que, á súa vez, é o centro tradicional de mercado da zona. Á súa vez, A Cañiza é a cabeza comarcal, que organiza un centro de servizos de certa importancia, aínda que de rango comarcal.

| CÓDIGO | CONCELLO | Nº PARROQUIAS | ENTIDADES SINGULARES/ UNIDADES DE POBLACION | POBOACIÓN 2015 |
|---|---|---|---|---|
| 36013 | Covelo | 14 | 182 | 2617 |
| COMARCA | PARADANTA | 114 | 1.915 | |

Parroquias: Barcia de Mera (San Martiño), Campo (Santa María), Casteláns (Santo Estevo), Covelo (Santa Mariña), Fofe (San Miguel), Godóns (Santa María), Graña, A (San Bernabeu), Lamosa, A (San Bartolomeu), Maceira (San Salvador), Paraños (Santa María), Piñeiro, O (San Xoán), Prado (San Salvador), Prado de Canda (Santiago), Santiago de Covelo (Santiago)

### 2.1.1. Caracterización do territorio e urbanística.

O asentamento poboacional sigue un modelo disperso a partir de quince núcleos e oitenta e dous asentamentos diseminados, frecuentemente localizados en zonas de

influencia forestal o que fai máis vulnerables aos seus habitantes fronte aos incendios forestais.

| Entidades colectivas | Entidades singulares | Núcleos de poboación | Diseminados |
|---|---|---|---|
| 14 | 96 | 15 | 82 |

TÁBOA 1: ASENTAMENTO POBOACIONAL NO CONCELLO DE COVELO. INE 2008.

Cada unha das 14 parroquias do concello posúe de media, 7 entidades singulares dentro do seu contorno. As 96 entidades singulares existentes no concello atópanse distribuidas dun xeito irregular pola superficie municipal, concentrándose maioritariamente preto dos dous núcleos urbanos do concello. Tanto a área do suroeste do concello, na proximidade de Santiago de Covelo, a capital municipal, como as inmediacións do núcelo de Barcia, cara ó noreste; posúen unha maior densidade de asentamentos que as rexións noroeste e sureste, case despoboadas.




ILUSTRACIÓN 1: DISTRIBUCIÓN DAS ENTIDADES DE POBOACIÓN. ELABORACIÓN PROPIA. 2016.

A meirande parte das entidades singulares presentes no Concello de Covelo son de reducido tamaño, cunha poboación media de 28 habitantes por entidade. Porén, a existencia no concello de varios núcleos compactos con poboación elevada, como A Igrexa, O San Amaro, e Santiago de Covelo, provoca que o reparto da pobación sexa pouco regular, atopándose un coeficiente de variación entre entidades do 131,4% e

unha asímetría de 4,16. A continuación preséntase o gráfico de densidade que reflicte a asimetría no reparto da poboación entre entidades singulares do concello.




ILUSTRACIÓN 2: DENSIDADE DE POBOACIÓN DAS ENTIDADES SINGULARES. ELABORACIÓN PROPIA. 2016

### 2.1.2. Patrimonio arquitectónico, arquitectura, popular e etnografía.

O Patrimonio histórico-artístico da comarca do Paradanta e, en particular, do Concello de Covelo é moi rico e variado. Disperso por todo o territorio atópanse numerosos e interesantes monumentos, construcións civís e relixiosas, restos arqueolóxicos, etc. que testemuñan de maneira espléndida a memoria histórica, a tradición das nosas terras.

A Lei 16/1985 de Patrimonio Histórico Español define tres niveles de protección en función da singular relevancia do ben que ordenados de menor a maior protección son os seguintes:

- Patrimonio Histórico Español.
- Inventario Xeral de Bens Mobles.
- Bens de Interese Cultural.

### Bens de interese cultural (BIC)

A protección destes bens implica o que os propietarios ou titulares teñan uns dereitos e obrigacións establecidas na propia Lei .

O grao máximo de protección constitúeno aqueles bens inmobles e bens mobles declarados de interese cultural. Estes bens inclúense no *Rexistro Xeral de Bens de Interese Cultural*.

| B.I.C. | Tipo | Localización |
|---|---|---|
| **Gravado Rupestre Coto da Cobra** | Monumento | San Salvador Maceira |
| **Gravado Rupestre Pedra Cabalaria** | Monumento | San Salvador de Maceira |

### Recursos patrimoniais do noso territorio

| PARROQUIA | ELEMENTO CULTURAL | IMAXE |
|---|---|---|
| **Parroquia de A Graña** | Agrupacións de túmulos megalíticos | |
| **Parroquia de A Lamosa** | Peto de ánimas na igrexa parroquial | |
| | Cruceiro policromado | |
| **Parroquia de Barcia de Mera** | Conxunto arquitectónico: Casa Reitoral con fachada barroca, Igrexa barroca de San Martín e Capela de San Xoán Mosteiro, restos de sillería do antigo mosteiro. |  |
| **Parroquia de Casteláns** | Restos igrexa románica del S. XII | |
| | Diversos escudos de armas e algún do Santo Oficio | |
| **Parroquia de Campo** | | |
| **Parroquia de Covelo** | Cruceiro Santísimo Cristo Aflixidos | |
| | Xacemento arqueolóxico de Castro con Petróglifo | |
| **Parroquia de Fofe** | Igrexa | |

| PARROQUIA | ELEMENTO CULTURAL | IMAXE |
|---|---|---|
| | Ponte medieval | |
| | Vía empedrada | |
| Parroquia de Godóns | Ponte medieval | |
| | Vía empedrada | |
| Parroquia de Maceira | Igrexa parroquial | |
| | Cruceiro de Maceira | |
| | Xacemento arqueolóxico do Castro | |
| | Petróglifos | |
| Parroquia de Paraños | Igrexa do S. XVIII con escudo dos Ozores e antigo cemiterio ben conservado | |
| | Cruceiro de ánimas da Margarida | |
| | Peto de Ánimas | |
| Parroquia de Piñeiro | Capela de A Guía | |
| | Xacemento arqueolóxico da idade de Bronce | |
| Parroquia de Prado | Capela da Xestosa con tumba antropomórfica | |
| | Restos dun cemiterio prehistórico | |
| | | |
| Parroquia de Santa Mariña de Covelo | Igrexa e Casa Reitoral | |
| | Baldaquino barroco da Igrexa de Santa Cruz de Baldomar | |
| | Cruceiro de desencravo da praza | |

## Arquitectura Popular. Os Pazos galegos[1]

A arquitectura dos pazos é un dos tesouros da nosa historia da arte.

A palabra pazo ten probablemente unha orixe latina ("palatium") aínda que o termo como tal aséntase nos séculos XVIII e XIX. As primeiras edificacións pacegas configúranse en torno ao ano 1500. Apenas se conservan construcións anteriores a esta data pois as fábricas antigas desapareceron ou foron usadas e remodeladas en anos posteriores.

[1] http://www.museodevigo.org/p_arquitectura_é.php

A orixe da súa tipoloxía é múltiple. Construtivamente é, en boa medida, herdeiro das vilas romanas, das edificacións defensivas e da arquitectura palaciega urbana de época medieval, da arquitectura campesiña e monástica, das vilas do renacemento italiano e as contribucións do palacio barroco, das próximas construcións portuguesas do mesmo tipo, e da organización de conxunto que os mestres santanderinos importaron das casas renacentistas e clasicistas da súa provincia.

Aínda que con características comúns, diferénciase claramente da casa señorial urbana nas súas dimensións, adaptadas ás funcións agrícolas, e na súa austeridade, fundamentada nas estruturas da arquitectura popular.

O primeiro que destaca na construción pacega é a súa estreita vinculación ao lugar no que se asenta. As leiras que o rodean, case sempre delimitadas, subliñan a continuidade do pazo no territorio e relaciónano coa poboación ao redor del.

Dependencias auxiliares

A edificación pode aglutinar na súa fábrica dependencias auxiliares e até unha capela propia ou, pola contra, que estas se repartan como construcións illadas por diferentes partes da leira.

Estas dependencias auxiliares do pazo adecúanse ás necesidades do caseiro-aparcero que explota as terras máis próximas á casa e coida dos animais gardados nas súas cuadras. Son alpendres, tullas, hórreos e faiados nos que se garda a produción agrícola. O frecuente pombal, raras veces sitúase nunha parte da vivenda, o habitual é que se sitúe lonxe da casa e da leira propiamente dita.

A presenza dunha capela nos pazos é un claro indicio da importancia que para os seus propietarios ten o relixioso. Por iso adoita ser, no aspecto artístico, unha das partes mais destacadas do conxunto.

Transformación e ocaso

A partir do século XIX o edificio pacego perde o seu sentido orixinario. A adaptación a novos usos, o cambio na utilización dos espazos e as reparticións da propiedade (antes impedida pola práctica do mayorazgo), traen como consecuencia a súa transformación en lugares de residencia exclusivamente. Ao deixar de ter uso as partes dedicadas aos labores gandeiros e agrícolas prestaráselles menor atención, coa consecuente deterioración e mesmo perda. A isto únese a modernización incontrolada dos edificios, ou os novos trazados de estradas que con falta de

sensibilidade histórica e artística destruíron parte dos cerramentos, disgregando as diferentes construcións do pazo.

### Outras construcións etnográficas

Nos ríos atópanse unha das  construcións máis singulares desta zona como son as pesqueiras: unhas pedras elaboradas dende tempo dos romanos que se utilizan para a captura da lamprea, exquisitez gastronómica da zona.

Ademais, atópanse un gran número de pontes e pasarelas para atravesar as masas fluviais, ou nas zonas do río onde a construción de pontes era demasiado complicada habilitáronse pasos ou poldras: Pedras intercaladas que facían posible o paso dunha beira a outra. Hoxe son unha das singularidades desta zona e utilizábanse tamén para a pesca da lamprea, a troita ou o salmón.

### 2.1.3. Morfoloxía e recursos hídricos.

O Concello de Covelo presenta un relevo montañoso con unha altitude media de 538 m, característico das rexións interiores da provincia de Pontevedra que exercen de fronteira natural entre os vales costeiros e a Depresión de Ourense no leste. Este relevo característico é debido á presenza do  sistema montañoso da Serra do Suído, extremo meridional das serras centro-occidentais de Galicia, que percorre de norte a sur o eixe da provincia cruzando as comarcas de Paradanta, Condado, Vigo, Pontevedra e Tabeirós, Terras de Montes.

A influenza da Serra do Suído no Concello de Covelo esténdese fundamentalmente polo terzo norte do concello e pola franxa oriental do mesmo, nas antas co concello pontevedrés de A Cañiza e coa provincia de Ourense. Nestas zonas danse as cotas máis altas do concello, superiores en xeral ós 1000 m de altitude, e cunha máxima de 1154 m. En cambio, na área suroccidental  do municipio, seguindo augas abaixo os cursos naturais do río Tea e dos seus afluentes danse as menores altitudes, con mínimas de 25 m.




ILUSTRACIÓN 3: MORFOLOXÍA DO TERMO MUNICIPAL.

En canto á proporción de altitudes por zonas no concello, o grupo de altitudes maioritario é o das zonas que se atopan entre os 600 e o 800 m, abarcando case o 30% da superficie municipal. A este grupo lle seguen os de altitudes entre 800 e 1154 m, e o de 450-600 m que abarcan respectivamente o 25,7% e o 20,7% da superficie. Finalmente, as altitudes inferiores ós 450 m ocupan o 23% restante.




GRÁFICO 1: DISTRIBUCIÓN DE ALTITUDES NO CONCELLO DE COVELO.

O carácter montañoso do relieve do Concello de Covelo reflíctese tamén na magnitude das pendentes, que posúen de media un valor do 22,8%. As pendentes máis fortes agrúpanse no terzo central do concello con máximas do 134%. As pendentes mínimas das zonas máis chairas atópanse próximas o 0%.




GRÁFICO 2: MAPA DE PENDENTES DO CONCELLO DE COVELO

O análise da distribución destas pendentes ó longo da superficie municipal revela que o 42% do territorio se posúe pendentes moderadas de entre o 15% e o 30%. As pendentes medias de entre o 5% e o 15% e as pendentes fortes de entre o 30% e o 45% abarcan respectivamente o 26% e o 22% da superficie do concello. As pendentes moi fortes superiores ó 45% teñen unha extensión sobre o territorio do 6%. Tan só o 3% da superficie posúe unha pendente baixa.




GRÁFICO 3: DISTRIBUCIÓN DO SOLO EN FUNCIÓN DA CLASE DE PENDENTE NO CONCELLO DE COVELO. ELABORACIÓN PROPIA.

No tocante ás **características xeolóxicas**, o Concello de Covelo posúe un dominio de rocas plutónicas hercínicas no 96% da súa superficie, característica relativamente común no suroeste de Galicia derivada do proceso petroxenético do sistema devónico-carbonífero. O 4% restante correspóndese con metamorfismos e rochas sedimentarias derivadas dos sistemas silúrico-devónico e cámbrico-ordovícico.

Os tipos litolóxicos concretos que poden atoparse no Concello de Covelo son: Areniscas, pizarras e calizas, con ou sen compoñente cuarcítico que abarcan menos do 4% da superficie municipal; migmatitas, mármoles e granitoides indiferenciados que ocupan preto do 25% e finalmente os granitoides de dúas micas que se atopan no 71% do territorio. Adicionalmente, hai un pequeno grupo que ocupa menos do 1% da superficie de outros granitoides entre os cales se inclúen os de tipo biotítico.




ILUSTRACIÓN 4: DISTRIBUCIÓN DA SUPERFICIE MUNICIPAL ENTRE OS DIFERENTES TIPOS DE SUSTRATO ROCHOSO.




ILUSTRACIÓN 5: MAPA XEOLÓXICO DO CONCELLO DO COVELO. ELABORACIÓN PROPIA 2016.

Respecto da rede hidrográfica o territorio está marcado pola influencia no sur do río Miño, que supón o límite comarcal e fronteira con Portugal nun tramo de case 60 quilómetros de lonxitude, e dúas dos seus principais afluentes, os ríos Tea e Debas.

O río Miño, dentro da comarca, presenta un baixo índice de sinuosidade e unha pendente media moi escasa e bastante homoxénea, superando os 400 m de anchura nalgunhas seccións a partir das Neves, onde comeza a formación de depósitos fluviais.

O seu máximo caudal rexístrase en febreiro e o mínimo entre xullo e setembro, cando se rexistra un considerable déficit hídrico. O río Tea, o seu afluente máis importante tanto por lonxitude como por caudal, ten tamén un característico réxime pluvial.

No tocante á rede de drenaxe existente dentro dos límites do Concello, atopamos un total de 100 canles con unha lonxitude de 170,49 km, sendo a inmensa maioría (91%) pequenos regos das zonas de maiores altitudes. Segundo a clasificación xerárquica das correntes, no municipio só aparecen 4 ríos de orde 4, que serían o río Tea más tres dos seus afluentes.

A densidade de drenaxe da rede hidrolóxica do Concello de Covelo é de 1,29; mestres que o seu coeficiente de estabilidade é de 0,77. O afastamento medio da rede sería de 14,85 km e a pendente media total dos cauces de 7,8 ‰.




Ilustración 6: Rede hidrográfica comarcal.




Ilustración 7: Ilustración rede hidrográfica local.

| Tipos de cauces no Concello de Covelo | | |
|---|---|---|
| Orden | Número | Lonxitude (km) |
| 1 | 91 | 79.68 |
| 2 | 2 | 55.43 |
| 3 | 3 | 15.47 |
| 4 | 4 | 19.90 |

TÁBOA 2: TIPOLOXÍA HIDROLÓXICA NO CONCELLO DE COVELO

O río Tea percorre a comarca desde o Nordés até o suroeste atravesando Covelo, Mondariz, Mondariz-Balneario, Ponteareas e Salvaterra, onde verte as súas augas ao Miño. Presenta un percorrido este oeste e cando se penetra no termo municipal de Ponteareas toma dirección sur até a desembocadura, que constitúe un val amplo con terrazas fluviais e plantación de viñedo.

Baixa encaixado drenando coas súas cabeceiras as serras de Faro, os montes da Graña, o Couto Eira e recibe pola dereita ao Alén (nace a 800 metros no Vidueiro). Aínda que a súa canle vai moi encaixada o curso é moi lonxitudinal por correr a favor dunha fractura N/S. Pouco máis abaixo de confluír co Alén, o Tea toma dirección W/SW chamado pola profundidade do Val de Mondariz, atravesando unha longa fractura que dá testemuño da súa orixe tectónico. O Val é rico en mananciais de augas mineiro medicinais de fama internacional. Esta profundidade chama tamén a outro dos seus afluentes, o Xabriña que baixa do alto de Montouto.

A súa conca que cobre unha área de 411 km², tras os seus 50,1 quilómetros de lonxitude, cun índice de sinuosidade de 1,51, mantense aínda co bosque típico galego así como a fauna que nela habita. Como se exporá no epígrafe 2.1.6, o Río Tea posúe a figura de Zona de Especial Conservación (ZEC); é polo tanto un espazo da REDE NATURA 2000.

### 2.1.4. Climatoloxía.

Dentro do Concello de Covelo non existe ningunha estación meteorolóxica, polo que cómpre empregar datos obtidos de estacións situadas en lugares próximos ó concello. A estación meteorolóxica máis cercana sería a existente no estremeiro Concello de A Cañiza. Esta estación posúe datos medios anuais de variables meteorolóxicas de fácil accesibilidade, o que nos permite facer unha análise xeral do clima da zona, aínda que non sexa específico do Concello de Covelo.

A partires destes datos, podemos dicir que este territorio se caracteriza, de media, por un clima cálido e tépedo, cunha temperatura media anual por enriba dos 12 graos centígrados e unha precipitación media anual superior aos 1400 mm. Os meses máis

secos e calorosos son os meses de xullo e Agosto, mentres que os meses máis fríos son xaneiro, febreiro e decembro. As máximas precipitacións recíbense os meses de novembro e decembro.




ILUSTRACIÓN 8: CLIMATOLOXÍA REPRESENTADA A TRAVÉS DO CLIMODIAGRAMA.

| Estraciones meteorolóxicas próximas a Covelo | | |
|---|---|---|
| Concello | Temperatura media anual (ºC) | Precipitacións anuais (mm) |
| Mondariz | 13.9 | 1884.7 |
| Fornelos de Montes | 12.2 | 2210.0 |
| Arnoia | 13.5 | 1097.35 |
| Arbo | 14.3 | 953.6 |
| Avion | 12.2 | 1139.7 |

TÁBOA 3: ESTACIÓNS METEOROLÓXICAS PRÓXIMAS A COVELO.

Porén, a estación meteorolóxica de A Cañiza non posúe datos de series meteorolóxicas históricas dispoñibles que permitan facer unha análise máis rigorosa do clima de Covelo. Coa fin de solventar esta carencia recúrrese os datos doutras 5 estacións meteorolóxicas da zona, pertencentes á rede de estacións de MeteoGalicia. Os datos de temperaturas medias e precipitacións anuais medias no período 2006-2016 amósanse na seguinte táboa.

Mediante estes datos meteorolóxicos procédese á construcción de cartografías ráster de temperaturas medias e precipitacións anuais por medio do método de interpolación de diferencia finita iterativa (Hutchinson and Dowling , 1991). Deste xeito obtéñense mapas que reflicten as variacións aproximadas de temperaturas medias e precipitacións ó longo do ano no territorio comprendido entre as 5 estacións, no cal se atopa o Concello de Covelo.

O mapa de temperaturas medias anuais obtido por este método amosa que no municipio se atopan valores que oscilan entre os 13,6 ºC nas zonas baixas do suroeste e os 12,2 ºC das zonas de maior altitude do norte do concello.

O mapa de precipitacións anuais interpolado amosa un gradiente ascendente na dirección sureste-noroeste. As zonas altas do noroeste do concello serían as que recibirían maiores precipitacións, preto dos 2200 mm anuais, mentres que o extremo sureste do mesmo posuiría valores próximos ós 1600 mm.




ILUSTRACIÓN 9: TEMPERATURA MEDIA ANUAL. REPARTO TERRITORIAL EN COVELO. ELABORACIÓN PROPIA. 2016




ILUSTRACIÓN 10: PRECIPITACIÓN MEDIA ANUAL. REPARTO TERRITORIAL EN COVELO. ELABORACIÓN PROPIA. 2016.

A modo de conclusión e en base ós análises efectuados, o clima do Concello de Covelo pode ser caracterizado como oceánico húmido, con leve tendencia á aridez estival e con diferentes réximes climáticos segundo altitude e orientación. A temperatura media anual aproximada de todo o concello é de 12,9 ºC. As precipitacións anuais aproximadas de media no territorio municipal son de 1900 mm.

### 2.1.5. Vexetación e fauna.

As condicións climáticas e orográficas configuran unhas condicións ecolóxicas idóneas para o asentamento unha serie de especies de fauna e flora de importante interese ambiental, e que caracterizan a rexión Eurosiberiana, provincia cántabro atlántica, sectores Galaico portugués e Galaico interior, na que se atopa o Concello de Covelo.

As agrupacións de tipos de vexetación existentes no Concello de Covelo poden resumirse en catro grupos principais: formacións boscosas naturais, formacións boscosas artificiais, terras de labor, prados e pasteiros e, finalmente, matogueiras.

**Formacións boscosas naturais**

Os tipos de bosque que podemos atopar no Concello de Covelo poden clasificarse segundo os factores ecolóxicos imperantes en cada un deles. Estes factores ecolóxicos condicionarán as especies principais e acompañantes que poidan aparecer en cada lugar e definirán a dinámica das interrelacións entre especies, tanto de flora como de fauna.




GRÁFICO 4: PROPORCIÓN DOS TIPOS DE VEXETACIÓN NO CONCELLO DE COVELO.

Baixo esta perspectiva nesta zona poden atoparse seis tipos principais de bosque que á súa vez poden reunirse en dous grupos. O primeiro grupo é o dos bosques edafohigrófilos; aqueles estreitamente vinculados á dinámica fluvial e no que o auga constitúe o factor ecolóxico máis importante. A este grupo pertencen: os bosques de marxe fluvial, os bosques aluviais e os bosques pantanosos.




ILUSTRACIÓN 11: MAPA DOS TIPOS DE VEXETACIÓN EXISTENTES NO CONCELLO DE COVELO

Por outra banda, o segundo grupo de bosques que podemos atopar nesta zona é o dos bosques climatófilos. Estes bosques caracterízanse polo feito de que, ó non estaren dominados pola dinámica fluvial, é o clima o principal factor ecolóxico condicionante. Neste grupo podemos atopar os bosques termohigrófilos, os bosques mesófilos e os bosques xerófilos.

| Tipos de bosque presentes no Concello de Covelo | | |
|---|---|---|
| BOSQUES DE MARXE FLUVIAL | Descripción | Bosques lineais que crecen asociados ás canles fluviais, dentro da zona de oscilación ordinaria do caudal: |
| | Subtipos | *Avellanedas-saucedas riparias Saucedas riparias Fresnedas riparias Abedulares riparios Alisedas riparias* |
| BOSQUES ALUVIAIS | Descripción | Bosques que crecen nas chairas de inundación (ribeiras) dos ríos de certo caudal, polo xeral sometidos a varios períodos de inundación ao longo do ano. |
| | Subtipos | *Bidueirais aluviales, Alisedas aluviales, Bosques mixtos aluviales, Fresnedas aluviais.* |

| | | |
|---|---|---|
| **BOSQUES PANTANOSOS** | **Descripción** | Bosques que crecen en áreas cubertas pola auga durante gran parte do ano, sobre chans pouco consistentes. |
| | **Subtipos** | *Alisedas e saucedas pantanosas, Alisedas de ladera, Saucedas de bordo lagunar, Abedulares turbosos.* |
| **BOSQUES TEMPORI-HIGRÓFILOS** | **Descripción** | Bosques que crecen sobre áreas sedimentarias que presentan un nivel freático próximo á superficie do terreo; aínda que poden estar encharcados de maneira ocasional, adoitan estar desconectados da dinámica hidrolóxica fluvial. |
| | **Subtipos** | *Carballeiras tempori-higrófilos* |
| **BOSQUES MESÓFILOS** | **Descripción** | Bosques dominados por especies de folla caduca ou de folla perenne non adaptados á seca. |
| | **Subtipos** | *Espinales, Avellanedas, Acebales, Abedulares, Robledales, Hayedos, Bosques mixtos e teixedais.* |
| **BOSQUES XERÓFILOS** | **Descripción** | Bosques dominados por especies de folla caduca ou perenne non relacionados coa dinámica fluvial e que están adaptados a un certo intervalo de seca. |
| | **Subtipos** | *Madroñales, Lauredales, Encinares, Alcornocales.* |

TÁBOA 4: PRINCIPAIS FORMACIÓNS BOSCOSAS.

Por outra parte, as formación boscosas presentes no Concello de Covelo tamén poden clasificarse segundo criterios fitosociolóxicos, establecendo diferentes tipos de bosque en función das asociacións e alianzas entre especies principais e acompañantes nos ecosistemas.

Baixo esta perspectiva, nesta zona aparecerían dous tipos principais de bosques naturais: as carballeiras de carballos e cerquiños e as comunidades de ribeira fluvial. A primeira destas formacións corresponderíase dende un punto de vista ecolóxico cos bosques temporihigrófilos e cos bosques mesófilos; pertencente polo tanto ó grupo dos bosques climatófilos. A segunda asociación, a das comunidades de ribeira fluvial, corresponderíase xa que logo cos bosques edafohigrófilos, fortemente influenciados pola dinámica das masas de auga.

**Formacións boscosas naturais: Carballeiras de *Quercus pyrenaica* e carballeiras de *Quercus robur***

Neste tipo de formación boscosa inclúense as carballeiras marcescentes mediterráneos ou submediterráneos dominados polo cerquiño (*Quercus pyrenaica*) e as carballeiras de transición, dominados polo carballo (*Quercus robur*) e con frecuente presenza de cerquiño.

Esta formación está identificada como Hábitat de Interese Comunitario no Anexo I da Directiva Hábitats (Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio) baixo o nome de "Carballeiras galaico-portugueses con Quercus robur e Quercus pyrenaica" (9230).

Segundo o Manual de interpretación do hábitat da Unión Europea (EUR25, abril 2003) este tipo de formación boscosa clasifícase en dous subtipos diferentes dominados por Quercus pyrenaica (Quercion robori-pyrenaicae). Estes subtipos serían: os bosques de Quercus pyrenaica centroibéricos e os bosques de Quercus pyrenaica cantábricos.

Os bosques de Quercus pyrenaica centroibéricos consisten en rebolares supra, e en ocasións, mesomediterráneos distribuídos polo occidente ibérico, León, Sistema Central e Ibérico, Montes de Toledo e Serra Morena. Por outro lado, os bosques de Quercus pyrenaica cantábricos consisten en rebolares de Quercus pyrenaica de carácter medio-Europeo, dos pisos colino a montano da Cornixa Cantábrica e as súas irradiacións occidentais ata a Serra dos Picos de Ancares en Galicia, característicos de áreas con relativamente baixa precipitación, nas zonas de certa influencia marítima ou o interior das montañas orocantábricas.

Sin embargo, segundo diversos autores (Ozenda, 1994) esta descrición outorgada polo Manual é insuficente xa que non reflicte a importancia das variantes atlánticas desta formación, caracterizadas pola frecuente dominancia de Quercus robur, Quercus petraea e distintos híbridos como Quercus x andegavensis, Quercus x rosacea ou Quercus x trabutii.

Por esta razón cómpre complementar a información provista polo Manual coa descrición que incorpora o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia. Segundo este derradeiro documento, as formacións de carballeiras galegas de carballos e cerquiños estarían definidas en senso amplo como masas de especies do xénero Quercus caducifolias ou marcescentes desenvolvidas maioritariamente sobre solos pobres en nutrientes dentro dos pisos termotemperado mesotemperado e supratemperado inferior, en ombroclimas subhúmidos a hiperhúmidos.

Este tipo de bosques presenta una elevada variabilidade que responde fundamentalmente as suaves diferencias termopluviométricas existentes entre pisos climáticos na orografía do noroeste peninsular.

Así, nas zonas supratemperadas das solleiras atópanse variantes con dominancia de Quercus pyrenaica, que se corresponden coas asociacións fitosociolóxicas da subalianza Quercenion pyrenaicae. Nas avesedas por enriba dos 900 m fánse máis

frecuentes as masas dominadas por Quercus petraea da subalianza Luzulo henriquesii-Quercenion petraeae. Mentres que nas zonas baixas de maior termohigrofilia dáse a dominancia de Quercus robur, con asociacións da subalianza Quercenion robori-pyrenaicae .

En canto ás especies acompañantes, existen algunhas comúns a tódalas variantes deste tipo de bosque como Coryllus avellana ou Ilex aquifolium e outras específicas de cada asociación, como Ruscus aculeatus, Luzula henriquesii, ou Quercus ilex.

No Concello de Covelo a variante predominante de carballeiras é a da subalianza Quercenion robori-pyrenaicae,  con Quercus robur como especie principal, e con una certa termofilia.

| Tipos de carballeiras en función da composición específica | | |
|---|---|---|
| Especie dominante | Especies secundarias | Especies acompañantes |
| ***Quercus robur*** | *Quercus pyrenaica, Quercus petraea, Quercus x andegavensis, Quercus x rosacea, Quercus x trabutii* | *Crataegus monogyn, Ilex aquifolium, Quercus suber, Laurus nobilis, Corylus avellana, Rubia peregrina, Ruscus aculeatus, Arbutus unedo, Genista falcata, Ulex europaeus, Erica arborea, Frangula alnus, Genista falcata, Holcus mollis, Linaria triornithophora, Lonicera periclymenum,* |
| ***Quercus pyrenaica*** | *Quercus robur, Quercus petraea, Quercus x andegavensis, Quercus x trabutii* | *Crataegus monogyn, Ilex aquifolium, Erica arborea, Frangula alnus, Genista falcata, Quercus suber, Quercus ilex, Corylus avellana,* |
| ***Quercus petraea*** | *Quercus pyrenaica, Quercus robur, Quercus x rosacea, Quercus x trabutii* | *Crataegus monogyn, Ilex aquifolium, Luzula henriquesii, Deschampsia flexuosa, Poa chaixii, Poa nemoralis, Blechnum spicant, Dryopteris dilata, Saxifraga spathularis, Corylus avellana,* |

Dende o punto de vista da vexetación potencial, nesta zona dáse a denominada Serie Outeiro Galaico-Portuguesa Acidófila do Carballo (Quercus robur), tamén denominada como Rusco aculeati-Querceto roboris sigmetum. Esta serie, coincidindo coa definición do hábitat proporcionada polo Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia para a subalianza  Quercenion robori-pyrenaicae, correspóndese con un carballeira densa de carballos (Quercus robur) con algo de cerquiños (Quercus

pyrenaica), acivros (Ilex aquifolium), castiñeiros (Castanea sativa), loureiros (Laurus nobilis) e corticeiros (Quercus suber). O sotobosque da carballeira conta cunha vexetación arbustiva formada por xibarda (Ruscus aculeatus), trobisco (Daphne gnidium), érbedo (Arbutus unedo), loura (Loura peregrina), durillo (Viburnum tinus), pereira silvestre (Pyrus cordata), madreselva (Lonicera periclymenum), sanguiño (Frangula alnus), espiño (Crataegus monogyna), silva (Rubus ulmifolius), fento común (Pteridium aquilinum), abeleira (Corylus avellana) e outros.

Finalmente, cabe destacar a presenza nestes ecosistemas de individuos illados introducidos polo home ou asilvestrados como pés de castiñeiro (Castanea sativa) para froito e pés de eucalipto (Eucalyptus globulus) que acadan máis representación nas zonas de maior pendente máis próxima á ribeira fluvial.

En canto á comunidade faunística presente nestes tipos formacións boscosas, cabe sinalar que se trata ecosistemas de elevada riqueza en determinados taxóns, especialmente nas variantes termohigrófilas que se atopan próximas ás formacións de marxe fluvial.

Os anfibios que poden citarse neste tipo de hábitat son, por exemplo, Discoglossus pictus (sapo pintojo) e píntega (Salamandra Común). No que respecta aos réptiles, poden citarse a Anquis fragilis e Lacerta schreiberi.A comunidade de aves áchase ben representada neste tipo de biotipos, sendo as especies máis destacables Buteo buteo (miñato), Accipiter gentilis (azor), Accipiter nisus (gabián), Milvus milvus (milano real), Falco peregrinus (falcón común), Falco subbuteo (falcón pequeno), Falco tinnunculus (lagarteiro), Columba palumbus (pomba torcaz), Streptopelia turtur (tórtola común), Cuculus canorus (cuco), Tyto alba (lechuza común), Otus scops (autillo), Athene noctua (moucho), Bubo bubo (Bufo real), Asio otus (bufo mozo), Strix aluco (cárabo), Picus viridis (pito real), Dendrocopos major (pico picapinos), Aegithalos caudatus (ferreiriño), Luscinia svecica (pechiazul), Certhia brachydactyla (agateador común), Lanius excubitor (alcaudón real), Corvus corax (corvo), Serinus serinus (xirín), Upupa epops (bubela), Carduelis chloris (verderón común) e Carduelis spinus (lúgano). No que respecta ao grupo dos mamíferos, poden citarse como pertencentes a esta comunidade ao rato de campo (Apodemus sylvaticus), ratilla agreste (Microtus agrestis), ourizo común (Erinaceus europaeus), raposo (Vulpes vulpes), donicela (Mustela nivalis), teixugo (Meles meles), armiño (Mustela erminea), turón (Putorius putorius), xeneta (Genetta genetta) e xabaril (Sus scrofa).

***Formacións boscosas naturais:* Comunidades de ribeira fluvial**

Atopamos na comarca unha importante representación das especies típicas dos bosques edafohigrófilos, sendo o hábitat máis relevante dos presentes o dos "*Bosques aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior*" (91E0) identificado na Directiva Hábitats.

Estas formacións atópanse nun bo estado de conservación naquelas zonas coincidentes co espazo natural protexido ZEC Río Tea, que será descrito en profundidade no seguinte epígrafe. Porén non se pode dicir que no resto do territorio municipal exista un bosque de ribeira puro, xa que á vexetación natural das contornas fluviais únenselle especies invasoras como son a *Robinia pseudoacacia* e a acacia negra *Acacia melanoxylon*, que acadan maior ocupación nas zonas máis afastadas da ribeira fluvial.

Os principais compoñentes florísticos deste tipo de formacións son as especies arbóreas adaptadas ás condicións higrófilas das ribeiras dos cursos de augas continentais do territorio, como *Alnus glutinosa* e diversas especies dos xéneros *Salix sp*. e *Populus sp*. Con todo, considéranse integrantes desta comunidade a todas aquelas especies ligadas á auga, zonas encharcadas e bosques de ribeira propiamente devanditos, é dicir, que nesta comunidade inclúense os hábitats definidos polas ribeiras e vexetación asociada das canles fluviais.

| OT6: MEDIO AMBIENTE | OE 6.3.4 | | OP. 3.3. Recuperar, poñer en valor e a disposición da cidadanía e os visitantes o rico patrimonio ambiental, paisaxístico e etnográfico de Covelo |
| | | | OP.3.4. Utilizar mecanismos dos Smart destinos para atraer visitantes a Covelo |
| OT6: MEDIO AMBIENTE | OE.6.5.2 | | OP.3.5. Converter ao río Tea nun eixe de conexión comarcal dende o punto de vista ambiental |

## 4.2. Obxectivos operativos

Os obxectivos operativos poñen o foco nos problemas particulares do concello nos que se concentrarán os esforzos como xeito de conseguir os obxectivos estratéxicos.

OBXECTIVO PERSOAS: Elevar a calidade de vida dos habitantes de Covelo garantindo a cohesión social, fixando a poboación e incrementando o seu atractivo para a mocidade.

Se o principal problema detectado a nivel municipal é a perda de poboación, este obxectivo estratéxico se centra na inversión de esta tendencia. O xeito de conseguilo será a través dos seguintes obxectivos operativos:

OP.1.1. Construír, rehabilitar e revitalizar equipamentos deportivos, sanitarios, sociais, educativos e culturais.

O concello conta con xa equipamentos deportivos, sanitarios, sociais, educativos e culturais máis compre revitalizalos tanto nos seus aspectos materiais e construtivos como na súa programación e organización de funcionamento cara ao público.

Os equipamentos por mor de ter xa unha antigüidade necesitan investimentos para mellorar a súa accesibilidade e eficiencia enerxética. A instalación de caldeiras de *pellets* nos centros culturais e xa un programa comezado polo concello ao que daráselle continuidade. Este programa servirá tamén de exemplo do emprego de enerxías renovables baixas en carbono para as vivendas particulares.

OP.1.2. Rexenerar e integrar os espazos e zonas urbanas degradadas con especial atención a facer accesible o espazo público para as persoas con mobilidade reducida.

O punto de partida será a elaboración dun estudo e Plan de Accesibilidade Municipal da man de entidades como COGAMI que ofrecen este servizo e poden contribuír á priorización das necesidades á hora de programar a execución de actuacións concretas. O plan deberá contar coa participación das persoas con mobilidade reducida a nivel municipal para que poidan incluírse nel as súas necesidades e demandas.

OP.1.3. Revitalizar o espazo público a través da iniciativa social e cultural.

Mellorar a calidade de vida da poboación pasa tamén pola xeración de alternativas para o lecer e o tempo libre. Neste aspecto a participación e a dinamización dos colectivos e asociacións do municipio é fundamental e deben desenvolverse plans específicos tanto para a mocidade e para os maiores.

OP.1.4. Facilitar o acceso aos cidadáns a administración electrónica así como o acceso aos sistemas de participación pública a través da implantación da *egobernanza*

Un aspecto que dificulta a vida no rural é a distancia ás administracións públicas. Hoxe en día moitos tramites administrativos poden realizarse a través de procedementos electrónicos mais cómpre achegar esta posibilidade aos cidadáns que en moitos casos carecen da información ou a formación para poñer en marcha os mecanismos da administración dixital. Polo tanto o achegamento destes canles electrónicos para a realización de trámites administrativos pode ser unha forma de facilitar o acceso dos cidadáns á administración e ao mesmo tempo unha forma de evitar desprazamentos a centros urbanos administrativos.

Ao mesmo tempo impóñese tamén a necesidade de dar a palabra aos cidadáns na planificación das actuacións públicas e a xeración de vías electrónicas de participación é tamén un obxectivo municipal. Na actualidade existe unha vía de participación a través da web mais hoxe en día o emprego das redes sociais fai moito máis accesibles as canles de participación aos cidadáns polo que estudarase a xeración deste canais de comunicación cos cidadáns a través das diferentes redes sociais.

OBXECTIVO DINAMIZACIÓN ECONÓMICA BAIXA EN CARBONO: Facer de Covelo un concello dinámico e sustentable comprometido coa redución das emisións de carbono á atmosfera.

A fixación de poboación debe partir da xeración de alternativas económicas a nivel municipal. a perda nos últimos anos de emprego no sector agrícola coincide coa xubilación da poboación de maior idade que era a que viña traballando no ámbito agrario. Nestes anos, o campo non se converteu en alternativa económica para a mocidade. Sen embargo, hoxe en día, en áreas máis dinámicas, se observa como é a xente nova a que está recuperando o aproveitamento agrario con iniciativas baseadas en demandas da sociedade urbana de consumo de produtos agrarios de calidade, saudábeis e preparados para un fácil consumo. Apoiar o emprendemento e o emprego especialmente, no aproveitamento dos recursos agrarios, gandeiros e forestais, contribuirá a dar unha base territorial ao sector servizos e a súa consolidación  ao tempo que se aposta pola diversificación económica.

Por outra banda, o Concello está comprometido a través do seu Plan de viabilidade na redución do consumo enerxético. Esta aposta pola eficiencia enerxética e a substitución de sistemas enerxéticos baseados en combustibles fósiles por sistemas alternativos a partir de enerxías renovábeis debe continuar na axenda municipal.

OP.2.1.Mellorar os índices de  consumo de enerxía nas infraestruturas e edificios públicos.

Deberá estenderse o Plan de Viabilidade municipal a outros equipamentos municipais ademais do alumbrado público co obxecto de estender a redución enerxética a estes ámbitos e,

posteriormente, desenvolver melloras en materia de eficiencia enerxética e uso de enerxías limpas en colaboración cos colectivos e asociacións do ámbito municipal.

OP.2.2.Mellorar a mobilidade e a accesibilidade no conxunto do concello a través da implantación dun plan de mobilidade urbana sustentable que favoreza unha mobilidade máis eficiente e con menos emisións á atmosfera.

Preténdese mellorar a mobilidade e accesibilidade de forma eficiente e sustentable no ámbito municipal, na conexión deste cos demais núcleos de poboación da comarca así como con Vigo.

A xeración de alternativas ao emprego do vehículo particular tanto para desprazamentos longos como para os desprazamentos curtos máis habituais. Recuperar os hábitos de desprazamento a pé, habituais antaño no rural a partir da creación dunha rede de sendeiros baseada nos camiños tradicionais que se doten de pavimentos aptos para o tránsito peonil.

Poñer en marcha iniciativas de vehículos colectivos ou compartidos para desprazamentos a centro urbano, comarcal ou centros de traballo de forma que se reduza o consumo enerxético.

A promoción extensión do vehículo eléctrico ou híbrido, tanto nos servizos municipais como entre os particulares suporá tamén unha importante redución das emisións de carbono. Isto supón a realización de investimentos en xeración de puntos de carga eléctrica de vehículo. A implicación nestas infraestruturas das compañías eléctricas que xeran enerxía renovable no municipio pode estudarse como alternativa de reinversión local para estas compañías ou para actuacións que se poñan en marcha co fondo ambiental.

OP.2.3. Reducir consumo enerxético doméstico e a pegada de carbono.

Así mesmo o consumo doméstico enerxético é unha dos maiores consumos enerxéticos a nivel municipal. Por este motivo e para promover o emprego de recursos primarios, promoverase a mellora e rehabilitación de edificios privados cara a o aforro enerxético.

Así mesmo explorarase a vía de realización de caldeira comunitarias en pequenos núcleos co obxectivo de aumentar a eficiencia das instalacións enerxéticas.

OP.2.4. Xerar alternativas económicas baseadas nos recursos primarios

Deseñarase un plan formativo baseado na mobilización dos recursos primarios e nos aproveitamentos tradicionais que agora mesmo teñen demanda no mercado para que poidan aproveitarse os coñecementos locais para a posta en marcha de novos negocios e alternativas de mobilización do recurso primario.

Neste plan deben desenvolverse plans específicos para xeración e relanzamento de iniciativas emprendedoras agrarias, gandeiras e forestais.

OP.2.5. Garantir a competitividade do pequeño comercio e a hostalería no municipio.

Poranse en marcha actuacións específicas en materia de promoción e apoio a iniciativas que xeren actividade económica na zona: comercio, servizos, lecer e cultura. En especial se procurará a relación dos establecementos locais coa produción local como método de promoción e revalorización do produto local.

OP.2.6. Dotación de espazos e recursos para a formación, o emprego e o autoemprego.

O desenvolvemento de novas iniciativas económicas leva consigo facilitar aos emprendedores tanto recursos compartidos como individuais para a xeración económica. Neste sentido a habilitación dun centro para formación de emprendedores e de traballadores é un dos obxectivos deste plan.

Así mesmo a extensión dos servizos de conexión a internet debe ser unha inquietude municipal co obxecto de conseguir a implicación das empresa de telecomunicacións e das administracións provincial e autonómica.

OE3: OBXECTIVO TERRITORIO. Conseguir un territorio no que prevalezan os valores naturais e culturais e se reduzan os riscos e a pegada das actividades humanas contribuíndo ao benestar da poboación.

A aposta polo territorio debe ser clara e decidida pois é valor relevante para a poboación e motivo de permanencia. Deben crearse condicións que posibiliten o aproveitamento dos seus recursos que son moitos.

OP.3.1.Crear espazos públicos de calidade para uso e goce da cidadanía

O territorio debe dar opcións de lecer en contacto co medio natural aos seus habitantes.

OP.3.2 Mellorar a xestión dos servizos públicos cara a súa optimización e satisfacción plena dos usuarios.

O concello como encargado de competencias na prestación de servizos básicos á poboación como auga, saneamento e recollida de lixo, debe artellar sistemas eficientes e cos custes enerxéticos máis baixos.

OP. 3.3. Recuperar, poñer en valor e a disposición da cidadanía e os visitantes o rico patrimonio ambiental, paisaxístico e etnográfico de Covelo

O concello contribúe tamén a xerar atractivos turísticos que permitan fortalecer o sector servizos.

OP.3.4. Utilizar mecanismos dos Smart destinos para atraer visitantes a Covelo

A promoción turística pode realizarse a través de mecanismos electrónicos reducindo así os esforzos económicos, mais para uns visitantes cada vez máis familiarizados coas novas tecnoloxías o feito de poder coñecer de información do destino por medios dixitais é unha experiencia moi satisfactoria.

OP.3.5. Converter ao río Tea nun eixe de conexión comarcal dende o punto de vista ambiental

O Río Tea é un reclamo turístico de primeira magnitude. Facilitar o seu acceso á poboación e aos visitantes e integralo na oferta turística debe ser unha opción de posta en valor do territorio.

# 5. Plan de implementación.

O Plan de Implementación incorpora os seguintes elementos:

- A descrición das liñas de actuación a levar a cabo por Obxectivo Temático para lograr os resultados definidos.
- A descrición das liñas inclúe a descrición, para cada unha delas, dos criterios e procedementos para a selección das operacións.
- Descrición das medidas concretas a desenvolver para conseguir os obxectivos.
- Cronograma, que incluirá la planificación temporal orientativa das liñas de actuación.
- Presuposto indicativo total del Plan de Implementación,
- Plan de financiamento que estableza as diferentes fontes de financiamento previstas, para coordinar os distintos investimentos e incrementar as sinerxías.
- Indicadores de produtividade. POCS. Indicadores de avaliación e seguimento que servirán para valorar o grao de consecución dos obxectivos da estratexia.

## 5.1. Liñas de actuación.

O desenvolvemento das liñas de actuación en medidas concretas e cuns orzamentos a desenvolver, exponse nas seguintes fichas a modo de exemplo da totalidade das actuacións da estratexia.

| LIÑA DE ACTUACIÓN | L. 1.1.1. Rehabilitación e mellora de centros socioculturais así como da súa programación de actividades |
|---|---|
| 1.Marco estratéxico da liña de actuación | |
| Dimensión estratéxica | Dinamización social e económica dos núcleos rurais. |
| Obxectivo temático do POCS | OT 9. Promover la Inclusión social, luchar contra la pobreza y cualquier otro tipo de discriminación |
| Prioridade de investimento do POCS | 9b. Apoyo a la regeneración física, económica y social de las comunidades desfavorecidas de las zonas urbanas y rurales. |
| Obxectivo específico POCS | OE 9.8.2 Regeneración física, económica y social del entorno urbano en áreas urbanas desfavorecidas a través de Estrategias urbanas integradas |
| Obxectivo operativo da DUSI | OP.1.1. Construír, rehabilitar e revitalizar equipamentos deportivos, sanitarios, sociais, educativos e culturais. |
| 2. Descrición da liña de actuación. | |

| | |
|---|---|
| Antecedentes e xustificación da necesidade | A poboación en risco de exclusión social en Covelo é moi elevada. Ademais, as mulleres, pola súa situación sociolaboral, son especialmente vulnerabeis á porbreza e exclusión social. Por isto cómpre aplicar medidas para reducir o número de persoas nesta circunstacia. Entre os retos que se plantea a EDUSI está a necesidade de mellorar a inserción profesional dos grupos vulnerabeis que teña en conta a perspectiva de xénero (en especial, persoas maiores, persoas con discapacidade, inmigrantes, persoas de etnia xitana e outros), en particular mediante o fomento da economía social. Neste sentido, a dinamización dos centros parroquiais ten gran importancia para activar á poboación usuaria dos mesmos. |
| Descrición da liña de actuación | O Concello de Covelo invertirán nos centros socioculturais das diferentes parroquias para que se convertan en espazos de dinamización da poboación ue permitan tanto a impartición de actividades formativas como a xeración de polos de dinamización económica e acceso as novas tecnoloxías. |
| 3. Organismo executor e axentes implicados | |
| | O organismo executor da actuación pode ser tanto o Concello de Covelo como as Asociacións de veciños ou Comunidades de Montes cando estas sexan titulares dos centros. |
| 4. Beneficiarios da liña de actuación | |
| | Toda a cidadanía e as empresas de Covelo que tamén poden beneficiarse da formación dos seus empregados. |
| 5. Indicadores | |
| Identificación e nome do indicador | E059. Personas beneficiadas por operaciones de regeneración física, económica y social del entorno urbano, incluidas en Proyectos pertenecientes a Estrategias Urbanas integradas |
| Unidad de medida | número de persoas |
| Valor previsto | 2.617 |
| 6. Resultados esperados. | |
| | Mejorar de forma integral el entorno físico, económico y social de áreas urbanas desfavorecidas, con el objetivo de mejorar la cohesión social y la calidad de vida en una perspectiva de integración laboral y socio-económica de los grupos destinatarios de las intervenciones.Atender en especial al colectivo de personas mayores, atendiendo a las necesidades de las mujeres mayores, y a las mujeres que están en riesgo de exclusión. |
| 7. Orzamento | |
| | 325.000,00 € |
| 8. Cronograma | |
| | 1º trimestre de 2017-4º trimestre de 2020 |
| 9. Criterios e procedementos de selección de operacións | |

| | |
|---|---|
| | Todas as operacións que se definan a partir no marco da DUSI COVELO deberán cumprir cun conxunto de criterios xerais e cunha serie de requisitos específicos que dependerán das características propias da actuación así como do obxectivo temático no que se enmarque:<br>a) Criterios xerais:<br>Os criterios para a selección de operacións respectarán os principios xerais definidos nos artigos 7 e 8 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 (non discriminación, igualdade de xénero e desenvolvemento sustentable) e cumprirán a lexislación da Unión e nacional (artigo 6 do citado regulamento). En xeral, a selección de operacións estará rexida polos principios de igualdade, eficiencia, eficacia e sustentabilidade das operacións, transparencia dos criterios de selección, capacidade para a súa implementación e aliñamento estratéxico con outras operacións e instrumentos.<br>Ademais, as operacións deberán:<br>· Estar xustificadas no diagnóstico socioeconómico da DUSI COVELO· Contribuír á estratexia DUSI COVELO.<br>· Contribuír ao programa operativo de Crecemento Sustentable FEDER 2014-2020.<br>· Abordar os problemas dunha forma integrada e mostrar vínculos claros con outras intervencións ou operacións coexistentes.<br>· Contar co apoio da poboación e os axentes locais.<br>· Medirse a través dos indicadores de produtividade da estratexia DUSI COVELO.<br>b) Criterios específicos:<br>Ademais dos criterios xerais, seleccionaranse as actuacións de acordo cos seguintes criterios e procedementos específicos:<br>· Contratación a través de convocatoria pública, no marco da Lei de contratos do sector público: oferta economicamente máis vantaxosa e calidade da solución técnica.<br>· Deberán contribuír a alcanzar os resultados previstos na liña de actuación.<br>· Unha vez seleccionada a DUSI, elaborarase unha proposta de criterios de selección de operacións máis detallada seguindo as indicacións da Autoridade de Xestión.<br>· As operacións seleccionadas serán publicadas na web da DUSI do Concello,<br>co fin de fomentar a participación e permitir a consulta pública da cidadanía. |

.

| LIÑA DE ACTUACIÓN | L.1.1.2. Construción, rehabilitación e modernización de equipamentos sociais, deportivos e sanitarios. |
|---|---|
| **1.Marco estratéxico da liña de actuación** | |
| Dimensión estratéxica | Dinamización social e económica dos núcleos rurais. |
| Obxectivo temático do POCS | OT 9. Promover la Inclusión social, luchar contra la pobreza y cualquier otro tipo de discriminación |
| Prioridade de investimento do POCS | 9b. Apoyo a la regeneración física, económica y social de las comunidades desfavorecidas de las zonas urbanas y rurales. |
| Obxectivo específico POCS | OE 9.8.2 Regeneración física, económica y social del entorno urbano en áreas urbanas desfavorecidas a través de Estrategias urbanas integradas |
| Obxectivo operativo da DUSI | OP.1.1. Construír, rehabilitar e revitalizar equipamentos deportivos, sanitarios, sociais, educativos e culturais. |
| **2. Descrición da liña de actuación.** | |
| Antecedentes e xustificación da necesidade | O establecemento de medidas para revitalizar os núcleos rurais pasa pola xeración de espazos públicos de calidade onde se poida atraer a poboación local e visitante a eventos cotiás. A xeración de zonas para a práctica de deportes tradicionais pode integrar as persoas maiores e as súas familias, así como xerar espazos de ocio no medio natural. A poboación do rural está moi afeita á camiñar mais na realidade actual o único lugar para o paseo é a estrada co conseguinte risco para a seguridade viaria. Por isto cómpre a posta en marcha da recuperación de camiños tradicionais que permitan o acceso a zonas hoxe en día abandoadas. Así se consigue ademais, o dobre efecto de reducir o risco de lume coa limpeza de camiños tradicionais e, ao dotalos dun pavemento apto para o paseo e drenante, se permite a recuperación de ámbitos produtivos. |
| Descrición da liña de actuación | O Concello de Covelo invertirán nos espazos públicos dos núcleos rurais das diferentes parroquias para que se convertan en espazos de dinamización da poboación que permitan actividades de ocio e prácticas saudables incentivando á poboación cara prácticas saudabeis. |
| **3. Organismo executor e axentes implicados** | |
| | O organismo executor da actuación pode ser tanto o Concello de Covelo como as Asociacións de veciños ou Comunidades de Montes que se impliquen nestas accións de recuperación de camiños tradicionais. |
| **4. Beneficiarios da liña de actuación** | |
| | Toda a cidadanía de Covelo. |
| **5. Indicadores** | |
| Identificación e nome do indicador | E059. Personas beneficiadas por operaciones de regeneración física, económica y social del entorno urbano, incluidas en Proyectos pertenecientes a Estrategias Urbanas integradas |
| Unidad de medida | número de persoas |

| | |
|---|---|
| **Valor previsto** | 2.617 |
| **6. Resultados esperados.** | |
| | Mellora de forma integral o entorno físico, económico e social de áreas urbanas desfavorecidas, co obxectivo de mellorar a cohesión social e a calidade de vida nunha perspectiva de integración social dos grupos destinatarios das intervencións. Atender en especial ao colectivo de persoas mayores, atendendo ás necesidades das mulleres maiores. |
| **7. Orzamento** | |
| | 60.000,00 € |
| **8. Cronograma** | |
| | 1º trimestre de 2017-4º trimestre de 2020 |
| **9. Criterios e procedementos de selección de operacións** | |
| | Todas as operacións que se definan a partir no marco da DUSI COVELO deberán cumprir cun conxunto de criterios xerais e cunha serie de requisitos específicos que dependerán das características propias da actuación así como do obxectivo temático no que se enmarque:<br>a) Criterios xerais:<br>Os criterios para a selección de operacións respectarán os principios xerais definidos nos artigos 7 e 8 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 (non discriminación, igualdade de xénero e desenvolvemento sustentable) e cumprirán a lexislación da Unión e nacional (artigo 6 do citado regulamento). En xeral, a selección de operacións estará rexida polos principios de igualdade, eficiencia, eficacia e sustentabilidade das operacións, transparencia dos criterios de selección, capacidade para a súa implementación e aliñamento estratéxico con outras operacións e instrumentos.<br>Ademais, as operacións deberán:<br>· Estar xustificadas no diagnóstico socioeconómico da DUSI COVELO· Contribuír á estratexia DUSI COVELO.<br>· Contribuír ao programa operativo de Crecemento Sustentable FEDER 2014-2020.<br>· Abordar os problemas dunha forma integrada e mostrar vínculos claros con outras intervencións ou operacións coexistentes.<br>· Contar co apoio da poboación e os axentes locais.<br>· Medirse a través dos indicadores de produtividade da estratexia DUSI COVELO.<br>b) Criterios específicos:<br>Ademais dos criterios xerais, seleccionaranse as actuacións de acordo cos seguintes criterios e procedementos específicos:<br>· Contratación a través de convocatoria pública, no marco da Lei de contratos do sector público: oferta economicamente máis vantaxosa e calidade da solución técnica.<br>· Deberán contribuír a alcanzar os resultados previstos na liña de actuación.<br>· Unha vez seleccionada a DUSI, elaborarase unha proposta de criterios de selección de operacións máis detallada seguindo as indicacións da Autoridade de Xestión. |

| | |
|---|---|
| | · As operacións seleccionadas serán publicadas na web da DUSI do Concello, co fin de fomentar a participación e permitir a consulta pública da cidadanía. |

| LIÑA DE ACTUACIÓN | L.1.4.1. Favorecer a progresiva implantación da Administración electrónica como medio de comunicación dos cidadáns coa administración reducindo as necesidades de desprazamento da poboación. |
|---|---|
| **1.Marco estratéxico da liña de actuación** | |
| Dimensión estratéxica | Dinamización socioeconómica e a competitividade |
| Obxectivo temático do POCS | OT 2. Mellorar o uso e a calidade das TIC e mellorar o acceso a estas. |
| Prioridade de investimento do POCS | 2c Reforzo das aplicacións das TIC para a Administración electrónica, a aprendizaxe electrónica, a cultura electrónica e a sanidade electrónica. |
| Obxectivo específico POCS | OE 2.3.3 Promover as TIC en estratexias de desenvolvemento urbano integrado a través de actuacións en Administración electrónica local e Smart Cities. |
| Obxectivo operativo da DUSI | OP.1.4.Facilitar o acceso aos cidadáns a administración electrónica así como o acceso aos sistemas de participación pública a través da implantación da egobernanza. |
| **2. Descrición da liña de actuación.** | |
| Antecedentes e xustificación da necesidade | A aprobación da Lei 11/2007 de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos supuxo un grande avance para a Administración electrónica. A aprobación da normativa para a reforma do funcionamento das administracións públicas en outubro de 2015 tamén contribúe a reforzar a necesidade da implantación dunha administración totalmente electrónica, interconectada e transparente.<br>A Administración do século XXI debe promover o uso das novas tecnoloxías en beneficio da cidadanía. As novas tecnoloxías permitirán que a cidadanía conte cunha administración máis eficaz e accesible para todas as persoas. A e-Administración é tamén unha forma de eliminación de barreiras, tanto con respecto á distancia á que hai que desprazarse para realizar trámites coa administración e o tempo que hai que dedicar, como tamén con respecto a que as NTIC facilitan, sobre todo, o acceso aos servizos públicos a aquelas persoas que antes tiñan grandes dificultades para chegar ás oficinas públicas, por motivos de localización xeográfica, de condicións físicas de mobilidade<br>ou outros condicionantes. Neste contexto, o Concello de Covelo é pioneiro na implantación da administración electrónica xa que participou nun proxecto piloto do Ministerio de Economía e competitividade. Agora se pretende dar a coñecer á cidadanía o manexo e acceso á e-Administración, coa finalidade de dar un paso transcendental para facilitar, en igualdade de condicións, a plena |

| | |
|---|---|
| | integración destas persoas na vida pública, social, laboral e cultural e tamén co fin de ofrecer un servizo público máis eficiente a toda a cidadanía. |
| **Descrición da liña de actuación** | O Concello de Covelo no ámbito das súas competencias, facilitará a formación dos cidadáns para capacitalos no acceso aos servizos da Administración electrónica a partir de distintas actuacións orientadas a simplificar os procedementos administrativos, aumentar a eficiencia mediante a diminución do gasto público, mellorar a proximidade e transparencia ante os cidadáns, contribuír ao desenvolvemento da sociedade da información, contribuír ao desenvolvemento da igualdade de oportunidades e incrementar a transparencia administrativa e a gobernanza.<br>Daranse a coñecer as posibilidades de uso da administración electrónica nos seguintes campos: Servizos de interacción coa cidadadanía/empresa<br>· Cartafol cidadán<br>· Xestión de representantes<br>· Rexistro de entrada/saída<br>· Sede electrónica<br>· Avisos e alarmas<br>· Consulta de documentos<br>· Xestión de formularios electrónicos<br>· Servizos básicos e de soporte á tramitación<br>· Arquivo electrónico de documentos<br>· Anexado de documentos<br>· Xestión de autorizacións<br>· Pasarela de pagos<br>· Notificacións telemáticas<br>· Xestor documental<br>· Procesos de dixitalización certificada<br>· Servizos de integración<br>· Interoperabilidade con outras Administracións públicas |

**3. Organismo executor e axentes implicados**

| | |
|---|---|
| | O organismo executor da actuación é o Concello de Covelo . |
| **4. Beneficiarios da liña de actuación** | |
| | Toda a cidadanía e empresas de Covelo. |
| **5. Indicadores** | |
| **Identificación e nome do indicador** | E016. Número de usuarios que están cubertos por un determinado servizo público electrónico de Smart cities |
| **Unidad de medida** | número de persoas |
| **Valor previsto** | 2.617 |
| **Identificación e nome do indicador** | E024. Número de usuarios que teñen acceso ou cubertos por aplicacións / servizos de Administración electrónica |
| **Unidad de medida** | Número de visitas/ano |
| **Valor previsto** | 5.000 |
| **6. Resultados esperados.** | |
| | · Servizo público máis eficiente<br>· Contribución á igualdade de oportunidades<br>· Contribución á sociedade da información<br>· Incremento da transparencia<br>· Incremento da participación e gobernanza cidadá<br>· Simplificación de procedementos administrativos |
| **7. Orzamento** | |
| | 125.500,00 € |
| **8. Cronograma** | |
| | 1º trimestre de 2017-4º trimestre de 2020 |
| **9. Criterios e procedementos de selección de operacións** | |

| | |
|---|---|
| | Todas as operacións que se definan a partir no marco da DUSI COVELO deberán cumprir cun conxunto de criterios xerais e cunha serie de requisitos específicos que dependerán das características propias da actuación así como do obxectivo temático no que se enmarque:<br>a) Criterios xerais:<br>Os criterios para a selección de operacións respectarán os principios xerais definidos nos artigos 7 e 8 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 (non discriminación, igualdade de xénero e desenvolvemento sustentable) e cumprirán a lexislación da Unión e nacional (artigo 6 do citado regulamento). En xeral, a selección de operacións estará rexida polos principios de igualdade, eficiencia, eficacia e sustentabilidade das operacións, transparencia dos criterios de selección, capacidade para a súa implementación e aliñamento estratéxico con outras operacións e instrumentos.<br>Ademais, as operacións deberán:<br>· Estar xustificadas no diagnóstico socioeconómico da DUSI COVELO· Contribuír á estratexia DUSI COVELO.<br>· Contribuír ao programa operativo de Crecemento Sustentable FEDER 2014-2020.<br>· Abordar os problemas dunha forma integrada e mostrar vínculos claros con outras intervencións ou operacións coexistentes.<br>· Contar co apoio da poboación e os axentes locais.<br>· Medirse a través dos indicadores de produtividade da estratexia DUSI COVELO.<br>b) Criterios específicos:<br>Ademais dos criterios xerais, seleccionaranse as actuacións de acordo cos seguintes criterios e procedementos específicos:<br>· Contratación a través de convocatoria pública, no marco da Lei de contratos do sector público: oferta economicamente máis vantaxosa e calidade da solución técnica.<br>· Deberán contribuír a alcanzar os resultados previstos na liña de actuación.<br>· Unha vez seleccionada a DUSI, elaborarase unha proposta de criterios de selección de operacións máis detallada seguindo as indicacións da Autoridade de Xestión.<br>· As operacións seleccionadas serán publicadas na web da DUSI do Concello,<br>co fin de fomentar a participación e permitir a consulta pública da cidadanía. |

| LIÑA DE ACTUACIÓN | L.2.1.1. Plan de mellora da eficiencia enerxética e redución do consumo de combustibles fósiles das instraestruturas e edificios públicos |
|---|---|
| **1.Marco estratéxico da liña de actuación** | |
| **Dimensión estratéxica** | Mellorar a dimensión física e ambiental. |
| **Obxectivo temático do POCS** | OT4. Apoiar a transición a unha economía baixa en carbono en todos os |

| | |
|---|---|
| | sectores |
| **Prioridade de investimento do POCS** | 4e Fomento de estratexias de redución do carbono para todo tipo de territorio, especialmente en zonas urbanas, incluíndo o fomento da mobilidade urbana multimodal sustentable e as medidas de adaptación á mitigación. |
| **Obxectivo específico POCS** | OE 4.5.3 Mellora da eficiencia enerxética e aumento de enerxía renovable<br>nas áreas urbanas |
| **Obxectivo operativo da DUSI** | OP.2.1.Mellorar os índices de consumo de enerxía nas infraestruturas e edificios públicos. |
| **2. Descrición da liña de actuación.** | |
| **Antecedentes e xustificación da necesidade** | Como se comentou na diagnose, o Concello de Covelo conta cun Plan de Austeridade que estuda e propón os investimentos a realizar para a redución do consumo enerxético na rede de iluminación pública. Este Plan lévase a efecto con actuacións anuais realizadas con fondos propios e o apoio financeiro de axudas públicas do IDAE. No Plan, co fin de conseguir aforro enerxético nas novas urbanizacións e nas substitucións, reparacións e modernizacións das que xa existen, empregar equipos de baixo consumo e enerxías limpas. Ademais o concello mantén edificacións de uso público nos que o consumo enerxético é unha parte importante do gasto de mantemento polo que se procurará a redución do custe a través tamén da implantación de enerxías de maior rendemento e renovábeis. |
| **Descrición da liña de actuación** | Esta liña de actuación pretende apostar pola acción municipal xa iniciada de redución co consumo enerxético municipal. Neste sentido se continuará coas actuacións previstas no Plan de Austeridade e ademais se realizará un Plan municipal de Mellora da eficiencia enerxética e redución de consumo de combustibles fósiles que permita reducir a factura enerxética municipal xerada polo mantemento de edificios públicos. A diferenza do Plan de Austeridade, este plan incluirá tamén o estudo dos consumo enerxéticos de equipamentos e instalacións públicas. Ademais das actuacións en materia de eficiencia e uso de enerxías limpas, especialmente as que teñen que ver co sistema de iluminación municipal, realizaranse actuacións de rehabilitación de edificios e instalacións públicas para garantir un consumo máis eficiente. |
| **3. Organismo executor e axentes implicados** | |
| | O organismo executor será o Concello de Covelo, así como as Asociacións de Veciños e Comunidades de montes na parte de xestión de centros culturais que lles corresponde. |
| **4. Beneficiarios da liña de actuación** | |
| | Os beneficiarios desta liña de actuación serán, tanto o propio Concello de Covelo que verá reducido o seu consumo enerxético e, por tanto, o seu gasto enerxético, como a propia cidadanía do municipio, que poderá contar cun sistema de iluminación en vías, edificios e infraestruturas públicas máis eficiente. |

| 5. Indicadores | |
|---|---|
| Identificación e nome do indicador | C034. Redución anual estimada de gases de efecto invernadoiro. |
| Unidad de medida | Teq $CO_2$/ano |
| Valor previsto | 100 |
| Identificación e nome do indicador | C032. Redución do consumo anual de enerxía primaria en edificios públicos. |
| Unidad de medida | Kwh/ano |
| Valor previsto | 5.000 |
| Identificación e nome do indicador | E001. Redución do consumo final en infraestruturas públicas ou empresas. |
| Unidad de medida | Ktep/ano |
| Valor previsto | 0,020 |
| **6. Resultados esperados.** | |
| | Elaboración dun plan que estenda o Plan de Austeridade realizado para as luminarias a outros consumos enerxéticos<br><br>· Continuar coa substitución das luminarias de vías e equipamentos deportivos por outras de consumo máis eficiente.<br>· Aforro de ata un 21 % en iluminación municipal. |
| **7. Orzamento** | |
| | 1.068.000,00 € |
| **8. Cronograma** | |
| | 1º trimestre de 2017-4º trimestre de 2020. Disposición dunha cantidade de investimento anual para inversión en diferentes zonas do Concello cada ano. |
| **9. Criterios e procedementos de selección de operacións** | |

| | |
|---|---|
| | Todas as operacións que se definan a partir no marco da DUSI COVELO deberán cumprir cun conxunto de criterios xerais e cunha serie de requisitos específicos que dependerán das características propias da actuación así como do obxectivo temático no que se enmarque:<br>a) Criterios xerais:<br>Os criterios para a selección de operacións respectarán os principios xerais definidos nos artigos 7 e 8 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 (non discriminación, igualdade de xénero e desenvolvemento sustentable) e cumprirán a lexislación da Unión e nacional (artigo 6 do citado regulamento). En xeral, a selección de operacións estará rexida polos principios de igualdade, eficiencia, eficacia e sustentabilidade das operacións, transparencia dos criterios de selección, capacidade para a súa implementación e aliñamento estratéxico con outras operacións e instrumentos.<br>Ademais, as operacións deberán:<br>· Estar xustificadas no diagnóstico socioeconómico da DUSI COVELO· Contribuír á estratexia DUSI COVELO.<br>· Contribuír ao programa operativo de Crecemento Sustentable FEDER 2014-2020.<br>· Abordar os problemas dunha forma integrada e mostrar vínculos claros con outras intervencións ou operacións coexistentes.<br>· Contar co apoio da poboación e os axentes locais.<br>· Medirse a través dos indicadores de produtividade da estratexia DUSI COVELO.<br>b) Criterios específicos:<br>Ademais dos criterios xerais, seleccionaranse as actuacións de acordo cos seguintes criterios e procedementos específicos:<br>· Contratación a través de convocatoria pública, no marco da Lei de contratos do sector público: oferta economicamente máis vantaxosa e calidade da solución técnica.<br>· Deberán contribuír a alcanzar os resultados previstos na liña de actuación.<br>· Unha vez seleccionada a DUSI, elaborarase unha proposta de criterios de selección de operacións máis detallada seguindo as indicacións da Autoridade de Xestión. |

| **LIÑA DE ACTUACIÓN** | **L.2.2.1. Mellorar a mobilidade e a accesibilidade no conxunto do concello a través da implantación dun plan de mobilidade sustentable.** |
|---|---|
| **1.Marco estratéxico da liña de actuación** | |
| **Dimensión estratéxica** | Mellorar a dimensión física e ambiental. |
| **Obxectivo temático do POCS** | OT4. Apoiar a transición a unha economía baixa en carbono en todos os<br>sectores |
| **Prioridade de investimento do POCS** | 4e Fomento de estratexias de redución do carbono para todo tipo de territorio, especialmente en zonas urbanas, incluíndo o fomento da mobilidade urbana multimodal sustentable e as medidas de |

| | |
|---|---|
| | adaptación á mitigación. |
| Obxectivo específico POCS | O.E 4.5.1 Fomento da mobilidade urbana sustentable: transporte urbano limpo, transporte colectivo, conexión urbana-rural, melloras na rede viaria, transporte ciclista, peonil, mobilidade eléctrica e desenvolvemento de sistemas de provisión de enerxías limpas |
| Obxectivo operativo da DUSI | OP.2.2.Mellorar a mobilidade e a accesibilidade no conxunto do concello a través da implantación dun plan de mobilidade urbana sustentable que favoreza unha mobilidade máis eficiente e con menos emisións á atmosfera. |
| **2. Descrición da liña de actuación.** | |
| Antecedentes e xustificación da necesidade | Como se comentou na diagnose existe un elevado grado de dependencia do vehículo privado para os desprazamentos da poboación local xa que os sistemas de transporte público satisfan unha pequena parte dos desprazamentos habituais. Deste xeito os fogares con poboación activa chegan a ter un vehículo por cada un dos membros da familia. Os desprazamentos se producen tanto aos lugares de traballo como para acudir aos servizos públicos e a administración. Agás o transporte escolar, os restantes son organizados de forma individual en cada fogar. A necesidade dun Plan de mobilidade que sexa capaz de deseñar políticas innovadoreas de transporte colectivo ou compartido é unha prioridade para reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro. Por outra banda, concientes de que a dependencia do utilitario é en moitos casos inevitable, a promoción da substitución de vehículos convencionais por híbridos ou eléctricos leva asociado a existencia de puntos de recarga dos mesmos a nivel municipal. |
| Descrición da liña de actuación | Esta liña de actuación inclúe: Deseño dun plan de mobilidade sustentable que recolla unha serie de ferramentas TIC que lle permitirán alcanzar un maior nivel de eficiencia na mobilidade, tanto intramunicipal como cos municipios próximos e que inclúa os seguintes criterios: Mellorar a información nas paradas e a accesibilidade do transporte<br>colectivo.<br>- Promover o taxi compartido e/ou a demanda, sobre todo para mellorar a conexión do centro urbano cos demais núcleos do municipio.<br>- Desenvolvemento de viais ciclista e definir itinerarios. Mellorar a sinalización informativa.<br>- Implantar aparcadoiros de bicicletas nos centros de actividade e entornos de equipamentos<br>- Promover a bicicleta como acceso aos centros escolares para aqueles núcleos máis próximos e para a práctica de actividades de ocio e tempo libre.<br>- Instalar pavimentos accesibles.<br>Ademais promoveranse medidas de: a-. Redución da dependencia do vehículo particular mediante a posta en marcha de sistemas de transporte colectivo ou compartido co emprego das novas tecnoloxías; b-.Deseño e creación dunha rede de sendeiros peonís e |

| | |
|---|---|
| | ciclistas para fomentar o emprego de alternativas ao vehículo para desprazamentos curtos; c-. Extensión de electrolineras para recarga de vehículos eléctricos a nivel comunitario. |
| **3. Organismo executor e axentes implicados** | |
| | O organismo executor será o Concello de Covelo. |
| **4. Beneficiarios da liña de actuación** | |
| | Os beneficiarios desta liña de actuación serán a totalidade de habitantes do Concello de Covelo así coma os seus visitantes. |
| **5. Indicadores** | |
| **Identificación e nome do indicador** | C034. Redución anual estimada de gases de efecto invernadoiro. |
| **Unidad de medida** | Teq $CO_2$/ano |
| **Valor previsto** | 40 |
| **Identificación e nome do indicador** | EU01. Plans de mobilidade urbana sustentable dos que xorden actuacións cofinanciadas co Feder de estratexias urbanas integradas: |
| **Unidad de medida** | Número |
| **Valor previsto** | 1 |
| **6. Resultados esperados.** | |
| | -Impulso e mellora da mobilidade sustentable<br>-mellora da conexión do centro urbano cos demais núcleos de poboación<br>-mellora da accesibilidade<br>-mellora da participación cidadá<br>-Redución da pegada de carbono do concello e da emisión de GEI do municipio. |
| **7. Orzamento** | |
| | 303.000,00 € |
| **8. Cronograma** | |

| | |
|---|---|
| | 1º trimestre de 2017-4º trimestre de 2020. Disposición dunha cantidade de investimento anual para inversión en diferentes zonas do Concello cada ano. |
| **9. Criterios e procedementos de selección de operacións** | |
| | Todas as operacións que se definan a partir no marco da DUSI COVELO deberán cumprir cun conxunto de criterios xerais e cunha serie de requisitos específicos que dependerán das características propias da actuación así como do obxectivo temático no que se enmarque:<br>a) Criterios xerais:<br>Os criterios para a selección de operacións respectarán os principios xerais definidos nos artigos 7 e 8 do Regulamento (UE) n.º 1303/2013 (non discriminación, igualdade de xénero e desenvolvemento sustentable) e cumprirán a lexislación da Unión e nacional (artigo 6 do citado regulamento). En xeral, a selección de operacións estará rexida polos principios de igualdade, eficiencia, eficacia e sustentabilidade das operacións, transparencia dos criterios de selección, capacidade para a súa implementación e aliñamento estratéxico con outras operacións e instrumentos.<br>Ademais, as operacións deberán:<br>· Estar xustificadas no diagnóstico socioeconómico da DUSI COVELO· Contribuír á estratexia DUSI COVELO.<br>· Contribuír ao programa operativo de Crecemento Sustentable FEDER 2014-2020.<br>· Abordar os problemas dunha forma integrada e mostrar vínculos claros con outras intervencións ou operacións coexistentes.<br>· Contar co apoio da poboación e os axentes locais.<br>· Medirse a través dos indicadores de produtividade da estratexia DUSI COVELO.<br>b) Criterios específicos:<br>Ademais dos criterios xerais, seleccionaranse as actuacións de acordo cos seguintes criterios e procedementos específicos:<br>· Contratación a través de convocatoria pública, no marco da Lei de contratos do sector público: oferta economicamente máis vantaxosa e calidade da solución técnica.<br>· Deberán contribuír a alcanzar os resultados previstos na liña de actuación.<br>· Unha vez seleccionada a DUSI, elaborarase unha proposta de criterios de selección de operacións máis detallada seguindo as indicacións da Autoridade de Xestión. |

| LIÑA DE ACTUACIÓN | L.2.5.1. Dinamización económica de Covelo, a través do comercio, a hostalería, o lecer e a cultura. |
|---|---|
| **1.Marco estratéxico da liña de actuación** | |
| **Dimensión estratéxica** | Dinamización social e económica dos núcleos rurais. |
| **Obxectivo temático do POCS** | OT 9. Promover la Inclusión social, luchar contra la pobreza y cualquier otro tipo de discriminación |

| | |
|---|---|
| **Prioridade de investimento do POCS** | 9b. Apoyo a la regeneración física, económica y social de las comunidades desfavorecidas de las zonas urbanas y rurales. |
| **Obxectivo específico POCS** | OE 9.8.2 Regeneración física, económica y social del entorno urbano en áreas urbanas desfavorecidas a través de Estrategias urbanas integradas |
| **Obxectivo operativo da DUSI** | OP.2.5. Garantir a competitividade do pequeño comercio e a hostalería no municipio. |
| **2. Descrición da liña de actuación.** | |
